

Resumo do mes de abril 2017.

Martes : realizamos actividades como anagramas, unha ficha de intelixencia emocional, poesía absurda... Agora imos explicar en que consiste cada actividade.

- Os anagramas son cambios de letras para formar palabras distintas.
- A intelixencia emocional é a capacidade de entender as emocións e como actuamos ante elas.
- A Poesía absurda, consistía en recortar titulares e intentar atoparlle unha rima.

Mércores: fixemos actividades como Tetris e Sudokus.

- Tetris: trata de ir colocando as pezas de maneira que completes filas.
- Sudoku: tes que completar 9 cadros de 3x3 con números do 1 ao 9 sen que coincidan en filas cadros ou columnas.

Xoves: estivemos traballando nos proxectos individuais como por exemplo da intelixencia artificial ou a biografía de Stephen Hawking.

◆ Un dos martes acudiu o persoal de Telemiño a gravarnos para emitilo no “Xornal Escolar”. Ademais o venres 28 de abril fomos ao plató da emisora para participar na gravación do programa.

◆ Recomendamos a páxina da Real Academia Galega (RAG) <http://primaveradasletras.gal/> Onde podemos atopar a tradución de Carlos Casares do libro “O Principiño” ao Galego e actividades infantís.

Asdo.

Iria e Martín.